

NIN O BBVA NIN FEDEA DEBEN DIRIXIR O DEBATE SOBRE O FUTURO DAS PENSIÓNS

*Dádenos todo o que tedes e axudarémosvos a saídes da pobreza!*¹

El Roto

A Fundación BBVA publicou un relatorio titulado *Presente e futuro da mocidade española*. Inmediatamente o xornal El País titulou que os novos deberán atrasar a xubilación até os 71 anos para cobraren unha pensión digna. A única alternativa sería “que contén cun aforro acumulado suficiente (pensión privada, herdanza)”. A SER dedicou media hora de máxima audiencia a un debate sobre o relatorio no que os participantes aceptaron o seu marco de interpretación. Numerosos medios difundiron o contido do relatorio resumido en tres ideas forza: 1ª) o sistema público de pensións non garantirá no futuro unha pensión digna para as traballadoras e traballadores máis novos, 2ª) financian un sistema que nos as protexerá, unha manifestación máis do que se presenta como principal conflito social, o conflito entre xeracións, 3ª) a alternativa é a subscripción de pensións privadas de capitalización. O BBVA conseguiu un grande éxito na guerra de narracións sobre a protección social na vellez. Porén, o BBVA, o mesmo que todos os bancos, compañías de seguros e fondos de investimento, é parte interesada e o seu relatorio non debería ser valorado como unha achega científica senón como unha visión interesada que ten como obxectivo beneficiarse das comisións por depósito e xestión das contas privadas de capitalización.

De canto estamos a falar?

Na Unión Europea, o gasto en saúde, educación e pensións suma o 30% do PIB. A xestión pública destes tres sistemas de protección social fai as vidas das cidadáns e cidadáns europeos máis libres e seguras que as dos estadounidenses sometidos a un estado do malestar privatizado. Mais supón un gran problema para as masas de capital financeiro na procura de oportunidades de investimento. Se a provisión fose totalmente pública, case un terzo do produto social ficaría fóra do seu alcance. Na UE vivimos 450 millóns de seres humanos que producimos anualmente bens e servizos por valor de 18 billóns de euros. O 30% son 5,5 billóns de euros².

No Estado español a privatización avanza impetuosa nos ámbitos da saúde e a educación. O gasto sanitario privado representa case o 30% do gasto sanitario total. En educación, despois de estenderse na primaria e secundaria, o capital privado ten agora como obxectivo a formación profesional e nalgúnas comunidades autónomas o número de universidades privadas supera xa o de universidades públicas. Un ámbito resiste refractario á privatización, o das pensións. En

¹ El Roto, El País, 20 de xullo de 2025.

² Billóns europeos, millóns de millóns.

2024, as prestacións por plans de pensións privados limitáronse a 3.800 millóns de euros³, mentres que as prestacións do sistema público na modalidade contributiva sumaron 173.000 millóns. As cotizacións sociais financiaron a parte do león do sistema con 166.000 millóns⁴. Ese é o obxectivo do BBVA. E do Banco de Santander, do Sabadell, de Abanca e de Larry Fink⁵, presidente do maior xestor de fondos global, BlackRock. Máis de 10 puntos do PIB transfírense cada ano desde as nóminas de 22 millóns de traballadoras e traballadores ás contas correntes de 9,3 millóns de pensionistas. Romper a solidariedade interxeracional que move ese xigantesco mecanismo construído pola clase traballadora é o botín ao que as finanzas non queren renunciar.

Quen financia a alarma sobre o sistema público de pensións?

No ano pasado, Carlos Torres, presidente do BBVA cobrou 8 millóns de euros e acumula un fondo de pensións por valor de 27 millóns. Financia un informe “independente e científico” para convencer os traballadores precarios de que subscriban un fondo de pensións do que obterá comisións que engordarán as súas retribucións e patrimonio. O vice-presidente de Fedea, Conde-Ruiz, aproveitou o eco conseguido polo BBVA nos medios para reclamar a introdución da educación financeira no ensino. O que reclama é a privatización da elaboración dos currículos escolares de acordo coas necesidades do capital financeiro. Non lle interesa a formación sobre perda de participación dos salarios no PIB, precariedade laboral, economía e límites ecolóxicos, crise dos coidados, desigualdade, conversión da vivenda nun activo especulativo, propiedade pública de empresas estratéxicas, participación dos traballadores e traballadoras, planificación, política industrial, distribución do valor entre salarios e dividendos. O único que lle interesa é a educación para a financiarización da protección social. Por que? Para responder debemos antes preguntarnos, quen financia Fedea? Os patróns de Fedea son 5 grandes bancos (Caixabank, BBVA, Santander, Sabadell e Unicaja); a corporación financeira da familia March (Corporación Financiera Alba); unha grande aseguradora, Mapfre; dúas construtoras/xestoras de servizos da órbita de Florentino Pérez (Abertis e ACS); unha fundación dependente de El Corte Inglés (Fundación Ramón Areces); a consultora Deloitte; Telefónica, privatizada polos gobernos de F. González e Aznar; Agbar no sector da subministración de auga e servizos; o Banco de España e a operadora das bolsas de valores, BME. Fedea é un laboratorio de ideas pro-capital e neoliberal cuxos relatorios cuestionaron a subida do salario mínimo porque frearía a creación de emprego e desenvolven unha campaña continuada e incansábel para alarmar sobre a falta de sustentabilidade do sistema público de pensións e a continuación propoñen a constitución de fondos de capitalización de xestión privada. A lectura das cifras de retribucións anuais e fondos de pensións constituídos a favor dos altos directivos dos patróns de Fedea revela que defenden

³ INVERCO, *Las instituciones de inversión colectiva y los planes de pensiones. Informe 2024 y previsiones 2025*, febreiro 2025, p. 23.

⁴ MISSM, Secretaría de Estado de la Seguridad Social y Migraciones, *Sistema de la Seguridad Social, Resumen de la ejecución del presupuesto*, decembro 2024.

⁵ Larry Fink, *Larry Fink's 2024 Annual Chairman's Letter to Investors*. Na súa carta anual aos investidores, Fink preséntase como filántropo benfeitor universal que se ofrece para garantir as pensións futuras de xubilación e o financiamento das infraestruturas necesarias para a transición ecolóxica nos países desenvolvidos e pobres.

unha sociedade clasista e xerarquizada na que un pequeno Olimpo predica para a maioría unha austeridade oposta á opulencia que practica. A táboa ofrece datos correspondentes a 2023⁶.

Empresa	Directivo	Salario	Fondo pensións
BBVA	Carlos Torres	8	24.8
Santander	Ana Botín	12	49.3
CaixaBank	José I. Goirigolzarri	2	52.5
ACS	Florentino Pérez	8	50.5
Mapfre	Antonio Huertas	3	16.7
C. Financiera Alba	Santos Martínez-Conde	2	Sen datos
Fundación Areces	9 membros CA	2	Sen datos
Telefónica	J. María Álvarez-Pallete	6	11.4
Banco Sabadell	César Glez.-Bueno	2	0.9
Todas	Media	3	29.4

Creado con Datawrapper

Basta a lectura dos datos para revelar como ridículo e ofensivo para a intelixencia colectiva o intento que desenvolven o BBVA e Fedea de negar a existencia da loita de clases para a substituír por un artificial conflito entre xeracións. Lembremos Warren Buffet, “si existe guerra de clases pero é a miña clase, a clase rica, a que está a facer a guerra, e nós estamos a gañala”⁷. O relatorio de BBVA é un elemento do combate cultural financiado por esa clase.

É unha boa idea converter as pensións en activos financeiros? O contra-exemplo da vivenda

As persoas mozas de clase traballadora e media teñen dous grandes problemas: a precariedade laboral e os baixos salarios e a imposibilidade de acceder a unha vivenda, en alugueiro ou propiedade. Esta imposibilidade limita a vida de centos de milleiros de mozos e mozas que non poden gozar dunha vida independente no momento fundacional da súa autonomía. O fenómeno non é só español, afecta todas as sociedades capitalistas avanzadas. Unha investigación atribúelle tal importancia que considera que crea un novo modelo de capitalismo baseado na propiedade de activos, entre eles os inmobiliarios, que produce unha nova división de clase⁸. Aínda que non me convence esa taxonomía por ignorar todo o espazo da produción de valor, si

⁶ ACS é propietaria do 50% de Abertis. Fundación Areces: salarios do Consello de Administración (CA) de El Corte Inglés. Ademais, unha única persoa recibiu unha indemnización de 17,6 millóns de euros e existían contas de acredores por máis de 80 millóns a favor de membros do CA.

⁷ Citado por Ben Stein, The New York Times, 26 de novembro de 2006.

⁸ Lisa Adkins, Melinda Cooper e Martin Konings. Prólogo Javier Gil, *Vivienda. La nueva división de clase*, Lengua de Trapo y Círculo de Bellas Artes, Madrid, 2024, ver gráfica p. 117.

que me parece que a análise que desenvolven Adkins, Cooper e Konings ilumina un fenómeno económico contemporáneo decisivo, a transformación de calquera ámbito da vida humana nun posíbel manancial de activos financeiros. A política de expansión cuantitativa aplicada polos bancos centrais como resposta á crise financeira global de 2007-2008 foi un dos principais motores que converteron a vivenda nun activo especulativo creando unha crise social da vivenda. O mercado especulativo necesitou da complicidade dos poderes públicos con decisións pro-capital como a privatización dos activos da Sareb que posuía máis de 250 mil vivendas e solares ou a entrega polas administracións madrileñas en mans do PP de case 5 mil vivendas a Blackstone e Goldman Sachs e a cesión dun importante lote da Sareb a Cerberus onde traballa José María Aznar Jr⁹. Jaime Palomera afirma que aínda que a crise da vivenda ten un matiz xeracional e afecta máis os mozos que non reciben axuda familiar ou herdanza é unha “brecha de clase” e que a maioría de inquilinos ten máis de 34 anos.

A crise da vivenda non é un fenómeno natural que debamos soportar resignadamente. No Estado español é o resultado de décadas de políticas que renunciaron á creación dun parque público de vivendas en aluguer que permitise intervir eficazmente no mercado. En Países Baixos, o parque público supera o 29%, en Dinamarca, o 27%, en Suecia e Austria, o 24%. No Estado español, apenas o 1,1%. En Viena, hai 918 mil pisos, dos que 420 mil son públicos e outros 200 mil foron construídos e son xestionados por asociacións con lucro limitado. A finais de 2024, o prezo medio dun piso en alugueiro superaba en Madrid e Barcelona os 1.100 euros; en Viena era de pouco máis de 650¹⁰. A lección que debemos deducir destas diferenzas é que os ámbitos esenciais da vida, entre eles a vivenda, non deben converterse nunca en activos financeiros especulativos e que a intervención do sector público é imprescindible para garantir a protección dunha vida boa. As vivendas deben servir para habitar e o sistema de pensións para garantir unha vida decente na vellez. Nin unha nin outro deben ser fonte de dividendos para as masas de capital financeiro na procura de valoración.

Tres contra-exemplos estadounidenses: saúde privatizada, débedas por estudos, pensións financiarizadas,

A promoción da financiarización das pensións inxírese na concepción da vida humana como unha sucesión de etapas que deben ser cubertas por activos financeiros¹¹. Para acumular un capital humano suficiente debemos pedir un préstamo que financie os estudos universitarios. Ao comezar a traballar debemos contratar un seguro médico polo que pagaremos unha prima mensual. Durante toda a vida laboral debemos realizar achegas periódicas a un fondo de capitalización para financiar unha renda periódica no tempo da xubilación. Entre as nacións ricas, Estados Unidos caracterízase polo intenso desenvolvemento deste modelo desde hai décadas. O resultado é un altísimo nivel de desigualdade que o sitúa ao nivel de países como Brasil, uns pésimos resultados en protección da saúde, unha débeda por estudos universitarios xigantesca, unha pobre protección da vellez da clase traballadora, e, do outro lado, un altísimo

⁹ Jaime Palomera, *El secuestro de la vivienda. Por qué es tan difícil tener casa y cómo esto puede romper la sociedad*, Ediciones Península, Barcelona, 2025.


¹⁰ Jaime Palomera, *ob. cit.*, pp. 54-55, 171 e ss.

¹¹ Group of Thirty: *Executive Summary. Fixing the Pension Crisis. Ensuring Lifetime Financial Security*, November 2019. Este laboratorio de ideas no que participan numerosos ex-presidentes de bancos centrais identifica a vida segura na xubilación coa súa financiarización, “Solucionar a crise das pensións. Garantir a seguridade financeira ao longo da vida” é a tradución do título do seu informe.

desenvolvemento do sector financeiro.

O alto custo da saúde privatizada

Existen dous programas públicos que protexen os maiores de 65 anos ou persoas con certas discapacidades, Medicare, e os máis pobres, Medicaid. Porén, o sistema de saúde estadounidense é un sistema fundamentalmente privado. O seguro médico depende das empresas ou da subscrición de seguros individuais. O modelo privatizado estadounidense é o sistema máis caro do mundo, unha doenza grave pode implicar a quebra familiar e máis de 40 millóns de persoas carecen de seguro médico¹².



Estados Unidos gasta en sanidade 5 puntos do PIB máis que Alemaña ou Suíza e 6 puntos máis que Suecia, Canadá, Bélxica ou Noruega. A diferenza co gasto do sistema público do Estado español é de 7,7% puntos.

A distancia aínda é máis notábel en gasto por persoa. Gasta máis de 11 mil dólares por habitante, 2,5 veces a media da OCDE.

¹² Despois do novo e brutal corte á sanidade pública de Donald Trump é un bo (mal) momento para rever *Lexítima Defensa* dirixida en 1997 por Francis Ford Coppola.

Gasto sanitario por persoa, 2019	\$	% media OCDE
Estado español	3,616	86
Media OCDE (37 países)	4,224	100
Países Baixos	5,765	136
Suecia	5,782	137
Austria	5,851	139
Alemaña	6,646	157
Noruega	6,647	157
Suíza	7,732	183
Estados Unidos	11,072	262
Fonte: elaboración propia a partir de OEDC Health Statistics 2020, http://stats.oecd.org/Index.aspx?DataSetCode=SHA		
Creado con Datawrapper		

Este sistema privatizado e financiarizado protexe peor a saúde que os sistemas públicos financiados con impostos. Os europeos vivimos máis anos gastando menos en saúde,

A brecha de supervivencia entre os cuartís superior e inferior de riqueza foi maior nos Estados Unidos que en Europa. A supervivencia entre os integrantes dos cuartís superiores de riqueza no norte e oeste de Europa e no sur de Europa pareceu ser maior que a dos estadounidenses máis ricos. A supervivencia no cuartil máis rico dos Estados Unidos pareceu ser similar á do cuartil máis pobre do norte e oeste de Europa¹³.

Maior desigualdade de renda e riqueza nos Estados Unidos implica maior desigualdade na duración da vida entre os cuartís inferior e superior. Ademais, parece que a menor desigualdade europea favorece tamén aos integrantes do cuartil máis rico. Un cuartil inclúe o 25% da poboación, e non todo o 25% pertence ás clases máis ricas. O 15% que vai desde o 75% ao 90% tamén vive moito máis protexido con un modelo non privatizado. O 25% dos máis pobres en Europa, protexidos polo sistema sanitario público e pensións de repartición máis xenerosas, vive tanto como o 25% dos máis ricos estadounidenses. Tamén contribúe á súa mellor calidade de vida, o dereito ao descanso e ás vacacións pagadas moito máis prolongadas en Europa.

A acumulación de débeda por estudos universitarios

No ano 2000 a débeda por estudos universitarios sumaba 150 mil millóns de dólares. En 2010, 750 mil millóns, aproximadamente a metade do PIB español. En 2024, o volume de préstamos pendentes de pagamento alcanzaba os 1,6 billóns de dólares, unha cantidade equivalente ao PIB anual do Estado español. Máis de 44 millóns de ex-estudantes universitarios comezan a súa vida

¹³ VV.AA., *Association between Wealth and Mortality in the United States and Europe*, The New England Journal of Medicine <https://www.nejm.org/doi/full/10.1056/NEJMsa2408259>.

laboral cun pesado lastre que deberán pagar durante anos ou décadas. Nos países europeos onde os estudos universitarios son gratuítos a débeda por estudos universitarios é de 0 euros. A reforma Bolonia implantou os mestrados obrigatorios. A falta de oferta pública abriu un espazo para a creación dun suculento negocio que crea un novo obstáculo para a formación dos alumnos e alumnas das familias de clase traballadora e media. Agora, a privatización esténdese aos graos universitarios. Un curso nunha facultade privada de medicina custa entre 14 mil y 25 mil euros ao que se debe sumar a hospedaxe e outros gastos. A privatización da universidade creará un sistema segregado: altísimas notas de corte nas universidades públicas para as alumnas e alumnos das clases traballadora e media e acceso libre para os fillos das familias de clase media alta e alta nas universidades privadas. A privatización e financiarización dos estudos universitarios provocará a importación do modelo estadounidense da débeda por estudos. Unha importación máis gravosa que a dos jeans, hamburguesas e NBA.

A clase traballadora estadounidense non se beneficia da educación financeira

O BBVA e Fedea aconsellan os mozos e mozas precarios que subscriban plans privados de capitalización para completar as súas pensións de xubilación. Non poderán facelo porque, se non se actúa sobre o mercado de traballo, as súas carreiras laborais serán irregulares, con baixos salarios, períodos sen contrato e destinando unha gran parte do salario a unha vivenda cada vez máis cara. De onde van sacar o diñeiro para achegas periódicas a unha conta individual? A educación financeira non será a solución. Os datos sobre posesión de activos financeiros nos Estados Unidos demostran que os sistemas de capitalización tenden a unha distribución extremadamente desigual que deixa desprotexida a clase traballadora, a metade da poboación activa. A Reserva Federal (RF) ofrece datos desagregados da distribución de tres tipos de activos: accións e fondos de investimento, dereitos sobre pensións de prestación definida e dereitos sobre pensións de contribución definida¹⁴. Nos seguros de pensións de prestación definida, determínase cal será a contía da prestación; nos seguros de contribución definida, determínase cal será a achega periódica ao fondo, mais non existe compromiso sobre o importe da prestación futura que dependerá da rendibilidade que obteña a entidade xestora, rendibilidade que dependen fundamentalmente da fase do ciclo das finanzas, alcista ou recesivo, en que se produza a xubilación. A gráfica representa a distribución da posesión de activos no segundo trimestre de 2024,

14

<https://www.federalreserve.gov/releases/z1/dataviz/dfa/distribute/table/#quarter:139;series:DC%20pension%20entitlements;demographic:networth;population:1,3,5,7,9;units:shares;range:2009.2,2024.2>

Distribución de activos entre clases sociais, USA, 2T 2024




Gráfico: Elaboración propia • Fonte: Reserva Federal • Creado con Datawrapper

A RF ofrece datos por percentís de riqueza. Considero clase trabajadora (CT) o 50% de menores ingresos, a metade da poboación; clase media (CM), a poboación situada entre os percentís 50 e 90, un 40% da poboación situada inmediatamente por riba da clase trabajadora. Podemos considerar estas dúas clases como o bloque subalterno. A clase xestora (CX) ocupa os percentís 90-99 na distribución da riqueza. Esta clase é a responsábel de organizar a produción e garantir o consenso social. No cume estaría o 1% de maiores ingresos que caracterizo como clase capitalista (CC). As clases xestora e capitalista constitúen o bloque dominante ou hexemónico.


A clase trabajadora, a metade da poboación, dispón só do 1% das accións e participacións en fondos de investimento, de menos do 3% (2,7%) dos dereitos sobre pensiones de prestación definida e de menos do 5% (4,7%) dos dereitos sobre pensiones de contribución definida. As súas xubilacións dependerán do sistema de repartición. Este distribúe menos da metade que os sistemas de repartición da UE: en 2022, as pensiones públicas distribuíron o 12,21% do PIB na UE, nos Estados Unidos, menos do 5%. A financiarización da protección na vellez nos Estados Unidos é a causa das maiores taxas de pobreza entre as persoas maiores e de que moitos persoas xubiladas deban continuar traballando mentres cobran unha pensión. Importar o modelo financiarizado a Europa non será unha boa idea para os traballadores precarios. A quen si beneficiará é aos bancos e compañías de seguros que financian Fedea, entre eles o BBVA. Larry Fink recoñece que case a metade dos adultos entre 55 e 65 anos non ten nada aforrado para a xubilación e que 4 de cada 10 non dispoñen de 400 dólares para unha visita hospitalario. Propón como solución os seguros médicos privados, plans de pensiones de capitalización e a educación

financeira¹⁵. A receita das finanzas é idéntica nas dúas ribeiras do Atlántico.

Para medir a concentración de activos calculei o número de veces que a riqueza do 10% máis rico multiplica a do 50% de menores ingresos. Por exemplo, para as accións e fondos de investimento,

$$(87\% \text{ dos activos} / 10\% \text{ poboación}) / (1\% \text{ dos activos} / 50\% \text{ poboación}) = 436 \text{ veces,}$$

Cada membro do 10% máis rico posúe 436 veces máis activos que cada integrante do 50% de menores ingresos, a clase traballadora estadounidense. O resultado visualízase na gráfica 12¹⁶.



A riqueza media de cada capitalista e/ou xestor (10% máis rico) multiplica a de cada traballador (50% máis pobre):

- 436 veces en accións e fondos de investimento,
- 83 veces en dereitos sobre pensións de prestación definida, e,
- 60 veces en dereitos sobre pensións de contribución definida.

O nivel de desigualdade acada niveis estratosféricos ao calcularmos o cociente entre a propiedade do 0,1% dos máis ricos, 1 persoa de cada mil, e o 50% inferior, 1 unha persoa de cada 2.

¹⁵ Larry Fink, *ob. cit.*

¹⁶ Elaboración propia partir dos datos da Reserva Federal.

A riqueza media de cada gran capitalista (0,1%% máis rico) multiplica a de cada traballador (50% máis pobre):

- 11.700 veces en accións e fondos de investimento,
- 315 veces en dereitos sobre pensións de prestación definida, e,
- 160 veces en dereitos de pensións de contribución definida.

Nesta distribución extraordinariamente desigual desempeñou un papel moi importante a promoción desde o poder político dos fondos de pensións de capitalización¹⁷. Estados Unidos supera o 60% do volume global de fondos de pensións. Os fondos de pensións supoñen un terzo dos activos mundiais baixo xestión¹⁸ constituíndo un dos motores do proceso de financiarización da economía global. Numerosos estudos¹⁹ relacionan a financiarización da economía cun modo de xestión dirixido á redución de custos salariais e aumento da distribución de dividendos, despedimentos de traballadores, externalización das actividades non esenciais e precarización do emprego externalizado, orientación á maximización de valor a curto prazo con diminución do investimento en I+D, inestabilidade financeira, incremento da desigualdade, contracción das taxas de crecemento da economía, predominio da economía especulativa sobre o investimento produtivo e aumento da desigualdade.

Conclusión

A proposta de financiarizar a protección social da vellez diríxenos cara ao modelo estadounidense creador de desigualdade e precariedade vital. Aí é onde nos queren levar o BBVA e Fedea. Na medida en que o consigan os accionistas e altos directivos lograrán o seu propósito fundamental de se enriqueceren ilimitadamente.

A sociedade anónima e limitada do BBVA e Fedea non é (nin debe ser) a nosa sociedade

Escribo sociedade anónima pois o BBVA e Fedea percíbenos como accionistas, como xacementos potenciais de activos financeiros, e non como seres humanos. Escribo sociedade limitada pois o

¹⁷ Mikel de la Fuente, *Reparto y capitalización en el sistema de pensiones de Estados Unidos y sus recientes reformas*, Revista del Derecho Social, n.º 38, 2007, pp. 225-266.

¹⁸ Thinking Ahead Institute, *Global Pension Assets Study 2025*, <https://www.thinkingaheadinstitute.org/research-papers/global-pension-assets-study-2025/>.

¹⁹ Apenas unha mostra da variedade de análises que, por suposto, o BBVA e Fedea voluntariamente ignoran:

Benjamin Braun, *Asset Manager Capitalism as a Corporate Governance Regime*.

Benjamin Braun, *Fueling Financialization: The Economic Consequences of Funded Pensions*.

Bruno Bonizzi and Jennifer Churchill, *Pension Funds and Financialisation in the European Union*.

Jan Fichtner & Else Heemskerk, *The New Permanent Owners; Index funds, patient capital, and the distinction between feeble and forceful stewardship*.

Ken-Hou Lin and Donald Tomaskovic-Devey, *Financialization and US Income Inequality, 1970-2008*.

Lawrence Mishel, *Causes of Wage Stagnation*.

Lenore Palladino, *Financialization at work: Shareholder primacy and stagnant wages in the United States*.

Petra Dünhaupt, *An empirical assessment of the contribution of financialization and corporate governance to the rise in income inequality*.

VV.AA., *UK pension funds' patience and liquidity in the age of market-bases finance*.

BBVA e Fedea consideran que a estrutura económica é inmutábel (*hai unha orde inmutábel para sempre asegurada*²⁰). O traballo é e será precario, a perda de participación dos salarios no PIB irreversíbel, a privatización dos servizos definitiva, a propiedade das empresas que foron públicas continuará privada para sempre, a caída da sindicación e da capacidade de negociación colectiva é un destino fatal, a conversión da vivenda nun activo especulativo un modelo absoluto e o abandono polo Estado da capacidade de planificación estratéxica un punto final. Nesa sociedade limitada só existe unha variábel sobre a que se pode actuar: o nivel de financiarización de cada servizo ou prestación.

As mozas e mozos continuarán a traballar con contratos precarios e salarios baixos. Destinarán unha porcentaxe crecente dos seus salarios a pagar o aluguer dunha vivenda cada vez máis deficiente e aforrarán, con que recursos?, para financiar un plan de pensións de capitalización. Esa sociedade anónima e limitada non é, nin será a nosa sociedade. O BBVA e Fedea queren facernos retroceder ao universo mental anterior á Ilustración e á Revolución Francesa cando os seres humanos estabamos sometidos a forzas superiores que debiamos acatar e os reis o eran por designio divino. O novo Deus é o capital e o Espírito Santo, o capital financeiro e especulativo. As cidadáns e cidadáns libres do século XXI podemos imaxinar e conquistar alternativas económicas fóra do universo claustrofóbico das finanzas.

Hai alternativas. Outras políticas para a maioría social

Os dous principais problemas dos mozos de clase traballadora son a precariedade laboral e a carestía da vivenda. É sobre estas dúas limitacións onde hai que actuar. A solución non está na financiarización da protección social.

Mario Draghi (MD)²¹ dános dúas pistas. En primeiro lugar, recoñece que a participación dos salarios no PIB caeu desde os anos 80 en 6 puntos da renda dispoñíbel (p. 19). En segundo lugar, recoñece que o capital privado é incapaz de encargarse dos investimentos necesarios nos sectores estratéxicos polo que cre necesaria a intervención pública (9, 18). Ademais propón un “forte contrato social” (19). A traxectoria de Draghi sinálao como un integrante moi destacado do grupo dirixente da política económica pro-capital e pro-finanzas. Sen embargo, debemos tomarlle a palabra. Debemos propor un forte contrato social sobre dous eixos: a recuperación da participación dos salarios no PIB e o investimento público nos sectores estratéxicos acompañado de propiedade pública proporcional á achega pública. Ademais, para promover a igualdade económica real das mulleres reclamaremos que aos 10 sectores estratéxicos seleccionados por MD se una unha poderosa rede de coidados.

A proposta que lles facemos a MD e ás elites gobernantes da UE persegue dous obxectivos:

1º. Incrementar a participación dos salarios no PIB, acabar co traballo precario na UE e concentrar o aumento salarial nos salarios máis baixos. Nas últimas décadas, ademais de caer a participación dos salarios no PIB, aumentou a participación dos altos salarios. Os salarios deben recuperar poder adquisitivo e os máis baixos deben elevarse substancialmente.

2º Acabar coa crise social da vivenda, desmercantilizando as cidades.

²⁰ *Le llamaban Frank Stein*, Luis Pastor sobre un poema de Carlos Álvarez Cruz.

²¹ Mario Draghi, *The future of European competitiveness, Part A | A competitiveness strategy for Europe*, December 2024. Indicarei as páxinas do relatorio entre parénteses.

1º. Incrementar a participación dos salarios no PIB.

Recuperar os 6 puntos de participación dos salarios na renda dispoñíbel suporía uns 80 mil millóns de euros no Estado español e 840 mil millóns de euros na UE. Estas cantidades dan idea do que significaría un “forte contrato social” se a proposta de MD fose real e non un nova manobra de distracción das que adoitan enfeitar os proxectos das elites gobernantes. Esta transferencia de beneficios e dividendos a salarios melloraría realmente a situación dos traballadores e traballadoras precarios do Estado español e toda a UE. Un mecanismo rápido para iniciar a recuperación sería a creación de emprego a partir da iniciativa pública en actividades social e ecoloxicamente útiles. Sinalo, só como exemplo, tres urxentes: converter a loxística nun traballo con condicións dignas, eficiencia enerxética das edificacións e economía dos coidados.

O comercio electrónico e as plataformas implican a expansión dos traballos de distribución: riders, choferes de furgonetas de Amazon ... na maioría dos casos baixo a figura do falso autónomo con condicións precarias que enriquecen os capitalistas das plataformas. A recente e ostentosa voda de Jeff Bezos simboliza a concentración de riqueza que alimenta esta xerarquía. Se os valores (prosperidade, xustiza) que proclama MD (5) teñen algunha substancia real, a UE debe actuar inmediatamente para que unha parte do valor do que se apropia Bezos se transfira aos condutores das furgonetas. A solución, unha directiva para obrigar as plataformas a dalos de alta na seguridade social e negociar un convenio colectivo no nivel da Unión, cun mínimo salarial e máximo de xornada e quilómetros. Existen evidencias de que os ritmos de traballo nos almacéns de distribución superan a carga de traballo soportábel por un ser humano medio²². Debe elaborarse unha directiva para limitar esa carga e ordenar ás inspeccións de traballo que verifiquen diligentemente a súa aplicación.

Constitución de empresas públicas da enerxía. Entre os 10 sectores estratéxicos que cita Draghi están a enerxía e as tecnoloxías limpas. A taxa de renovación enerxética das edificacións está no 0,8% da superficie total, moi por debaixo do 3% necesario para alcanzar as cero emisións en 2050²³. Un poderoso plan desde o sector público permitiría acelerar a renovación ao tempo que serviría para crear emprego de calidade con salarios e condicións de traballo dignas. Debería darse prioridade aos barrios e vivendas en zonas rurais de familias de menor renda por persoa.

Creación dun forte sector público para liberar as mulleres de clase traballadora e media da dupla e tripla xornada: universalización do servizo de atención de 0-3 anos; comedores escolares gratuítos e universais; incentivos á creación de comedores de empresa ou parque industrial a prezos reducidos; creación de servizos públicos de axuda á autonomía e a dependencia de cobertura universal que permitirían crear uns 400 mil empregos de calidade²⁴.

²² O filme *Vida e morte nun almacén* dirixido por Joseph Bullman describe a dureza do traballo nun almacén que sen citalo podería ser un centro de traballo de Amazon. Sobre a precarización do traballo por esta empresa, Alec MacGillis, *Estados Unidos de Amazon. La historia del futuro que nos espera*, Ediciones Península, Barcelona, 2022.

²³ José Luis Aranda, *España precisa triplicar las casas renovadas*, El País, 9 de xullo de 2025.

²⁴ Rosa Martínez, Susana Roldán Y Mercedes Sastre, *La atención a la dependencia en España. Evaluación del sistema actual y propuesta de implantación de un sistema basado en el derecho universal de atención suficiente por parte de los servicios públicos. Estudio de su viabilidad económica y de sus impactos económicos y sociales*, Instituto de Estudios Fiscales, 2018, ISSN 1578-0252.

2º Acabar coa crise social da vivenda desmercantilizando as cidades

Javier Palomera titula a sección na que, despois de analizar o problema da vivenda no Estado español, debuxa unha alternativa, “O sistema de vivenda necesita unha revolución”²⁵. Limitareime a transcribir os títulos dos apartados da súa proposta e un breve comentario.

- I. Protexer a poboación que vive e vivirá de aluguer: baixar os alugueres e taponar os alugueres de tempada e por cuartos.
- II. Transformar o sistema de intermediarios para protexer o interese xeral: os ingresos das axencias non debe calcularse como unha porcentaxe do prezo da vivenda.
- III. Impedir as compras especulativas: limitar a compra de vivenda a quen vaia vivir nela durante polo menos 4 anos.
- IV. Regular o mercado hipotecario: reorientar o sector financeiro cara a actividades produtivas.
- V. Reverter o Grande Acaparamento cara ao aluguer social: as vivendas en mans de fondos voitre e rentistas deben ser adquiridas de forma preferente pola administración.
- VI. Penalizar os usos antisociais e premiar os sociais: actuar sobre os 3,8 millóns de pisos baleiros e os 400 mil pisos turísticos.
- VII. Liberar o solo do rentismo e crear un gran sistema de vivenda pública: as administracións deben adquirir as propiedades e solos acaparados por fondos e rentistas.
- VIII. Redefinir os obxectivos da construción para respectar os límites planetarios: reducir a pegada de carbono da construción e a rehabilitación.

²⁵ Javier Palomera, *ob. cit.*, p. 180 e ss.

Conclusión

O BBVA e Fedea alertan sobre os problemas da mocidade: precariedade laboral e imposibilidade de acceder á vivenda. No en tanto, non avanza ningunha medida para combater a precariedade e a especulación inmobiliaria. A solución que propoñen é que mozos de baixos salarios e carreiras laborais precarias, asfixiados pola carestía da vivenda, dediquen unha parte do seu salario a dotar un fondo de pensións de capitalización. Unha solución imposible non é unha solución. Ao BBVA e Fedea non lles interesa nin lles preocupa que os traballadores e traballadoras poidan desenvolver unha vida digna. As súas vidas interésanlles como potenciais xacementos de activos financeiros dos que extraer valor.

Ademais, intentan activar un enfrontamento xeracional entre os traballadores e traballadoras en activo e os seus avós e avoas. Segundo a súa extravagante e ridícula teoría Amancio Ortega e Marta Ortega pertencerían a clases sociais diferentes. As traballadoras de Inditex de A Coruña que en 2022 fixeron folga²⁶ para conseguir un aumento salarial de 322 euros pertencerían á mesma clase social que Marta Ortega. Amancio Ortega incluíriase na mesma clase social que as nais e pais, avós e avoas das traballadoras de Inditex. É unha interpretación inconsistente desde o punto de vista teórico e empírico e política e socialmente desalmada.

Nunca se producirá unha alianza real entre a gran banca e a mocidade precaria. Nunca existirá unha alianza real entre os fondos voitre que invisten en vivenda e as mozas e mozos que queren iniciar unha vida autónoma. Existe a posibilidade dunha nova coalición que una a loita sindical polo traballo e os salarios dignos, os sindicatos de inquilinas e inquilinos e o dereito á vivenda, o movemento feminista pola igualdade económica real e a socialización dunha parte do traballo doméstico e os coidados, os movementos en defensa da sanidade e a educación pública, o mantemento das pensións como un sistema de protección social, a defensa dos equilibrios básicos planetarios imprescindíbeis para unha vida humana civilizada²⁷, e, agora, necesariamente, a procura da paz, a diplomacia, e contra o incremento do gasto militar²⁸.

O BBVA e Fedea nunca participarán nesa coalición, defenderán sempre o lucro financeiro fronte á vida. Nós, a maioría social temos a obriga de independizarnos intelectualmente das súas manipulacións e organizar a defensa común do noso interese colectivo nunha vida boa para todas e todos. Fagámolo.

Xabier Pérez Davila, Galiza, xullo 2025

²⁶ Xabier Pérez Davila: *O BCE reprime os salarios e ignora os beneficios*, Nós Diario, 9/1/2023.

²⁷ Johan Rockström et al.: *Safe and Just Earth system boundaries*, Nature, May 2023.

²⁸ Viçenc Fisas, *Una alternativa a la política de seguridade en Europa*, Los Libros de la Catarata, Madrid, 2025.